




# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

MATERIA:

**CIENCIAS NATURAIS**

CURSO:

**6º EP**



ANO ACADÉMICO:

**2020/21**

# ÍNDICE

1. CONTEXTO:.....	3
1.1 O CENTRO:.....	3
1.2 ALUMNADO.....	3
2. OBXECTIVOS ADAPTADOS AO CONTEXTO DO CENTRO E DO ALUMNADO: .....	4
3. TEMPORALIZACIÓN:.....	5
3.1 PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN DA MATERIA DO CURSO 19/20. ....	5
4. METODOLOXÍA: .....	9
4.1 METODOLOXÍA PRESENCIAL: .....	9
4.2 METODOLOXÍA NON PRESENCIAL: .....	11
5. AVALIACIÓN:.....	12
5.1 AVALIACIÓN INICIAL:.....	12
5.2 AVALIACIÓN CONTINUA: .....	12
6. CRITERIOS DE PROMOCIÓN DO ALUMNADO:.....	13
7. SECUENCIACIÓN:.....	17
8. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE: .....	25
9. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE: .....	29
9.1 INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO: .....	29
9.2 INDICADORES DE LOGRO DA PRÁCTICA DOCENTE:.....	30
9.3 AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA:.....	30
10. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:.....	32
11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES:.....	33

## **1. CONTEXTO:**

### **1.1 O CENTRO:**

#### **Situación:**

O nome actual do centro é o de Colexio de Educación Infantil e Primaria Humberto Juanes. É un centro público do que é titular a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

O colexio ubícase na parroquia de Nigrán no Concello de Nigrán, Rúa Curros Enríquez Nº 2, CP 36350.

Comeza o seu funcionamento no curso 1972/1973 acollendo a alumnos das parroquias de Camos, Panxón, San Pedro da Ramallosa e Priegue. Actualmente as adscritas ao noso centro son Priegue e Nigrán. Ademais ao noso centro acude alumnado de Camos, Panxón, Chandebrito, A Ramallosa, Baiona, Gondomar e Saiáns.

#### **Centro adscrito:**

IES Val Miñor, centro de Ensino Secundario adscrito ao CEIP Humberto Juanes.

#### **Ensinanzas que oferta:**

O centro oferta as ensinanzas de Educación Infantil e Primaria, e conta con dúas liñas en tódolos niveis.

#### **Características singulares:**

O centro ven desenvolvendo desde fai anos un intercambio internacional co colexio Sant Johns de Manchester, no que está implicado todo o alumnado dos niveis de quinto e sexto de Primaria.

### **1.2 ALUMNADO:**

#### **Poboación inmigrante:**

No último ano recibimos varias matrículas procedentes de Sudamérica sobre todo de Uruguay, Venezuela e Brasil. No caso de 6º de primaria temos alumnado de Vietnam, Uruguay e un alumno que procede de Madrid e incorporouse neste curso..

#### **Alumnado con NEAE no curso actual:**

O ACNEAE do nivel destacan sobre todo problemas de aprendizaxe (8 casos), TDAH (2 casos), ACS (1 caso) e problemas de conducta (1 caso).

O alumnado é atendido, tanto dentro como fóra da aula de referencia, pola especialista de PT.

#### **Outras características:**

Cabe destacar a xuntanza de dous mellizos na mesma clase neste curso debido a situación actual do COVID 19.

## 2. OBXECTIVOS ADAPTADOS AO CONTEXTO DO CENTRO E DO ALUMNADO:

a	Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
b	Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
c	Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
d	Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
e	Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
f	Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e
g	Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.
h	Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
i	Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
j	Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
k	Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
l	Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
m	Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
n	Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
o	Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

### 3. TEMPORALIZACIÓN:

#### 3.1 PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN DA MATERIA DO CURSO 19/20.

Ao ser propia da etapa de Educación Primaria o ensino cíclico e en espiral, no que unhas aprendizaxes se van sustentando noutras, integraremos nos estándares de 6º aqueles de 5º que quedaron sen traballar/acadar, integrándoos dentro dos primeiros.

#### **MATERIA: CIENCIAS DA NATUREZA**

O bloque 1. *Iniciación á actividade científica* traballarase de xeito continuado ao longo de todo o curso. Abrangue os seguintes contidos:

B1.1. Iniciación á actividade científica.

B1.2. Emprego de diferentes fontes de información.

B1.3. Lectura de textos propios da área.

B1.4. Utilización das tecnoloxías da información e comunicación para buscar e seleccionar información, simular procesos e comunicar conclusións sobre os traballos realizados.

B1.5. Uso progresivamente autónomo do tratamento de textos (axuste de páxina, inserción de ilustracións ou notas, imaxes etc.). Xestión de ficheiros.

B1.6. Aproximación experimental a cuestións científicas próximas á súa realidade.

B1.7. Traballo individual e cooperativo.

B1.8. A igualdade entre homes e mulleres. A conduta responsable.

B1.9. A relación cos demais. A resolución pacífica de conflitos. Toma de decisións: criterios e consecuencias.

B1.10. Técnicas de traballo. Recursos e técnicas de traballo individual. Desenvolvemento de hábitos de traballo, esforzo e responsabilidade.

B1.11. Hábitos de prevención de enfermidades e accidentes, na aula e no centro.

B1.12. Emprego de diversos materiais, tendo en conta as normas de seguridade.

B1.13. Elaboración de protocolos de uso das TIC na aula.

B1.14. Valoración da necesidade de controlar o tempo destinado ás tecnoloxías da información e da comunicación e o seu poder de adicción.

B1.15. Planificación e realización de proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións, formulando problemas, enunciando hipóteses, seleccionando o material necesario, montando, realizando e extraendo conclusións e presentando informes en diferentes soportes.

## 1ª AVALIACIÓN

UD TEMA PROXECTO	CONTIDOS	Material de referencia	Temporalización	
			Mes	Número de sesións
	BLOQUE *1 e 3		1 ao 3	
<b>AS PLANTAS</b>	<p>B3.1. Seres vivos, seres inertes. Diferenciación. B3.2. Organización e estrutura dos seres vivos: células, tecidos: tipos; órganos; aparellos e sistemas: principais características e funcións.</p> <p>B3.3. Os seres vivos: características, clasificación e tipos.</p> <p>B3.5. As plantas: estrutura e fisioloxía. A fotosíntese e a súa importancia para a vida na Terra.</p>	NETEX	Aproximadamente 4-5 semanas para cada unidade traballada (8-10 sesións).	
<b>OS ANIMAIS</b>	<p>B3.4. Os animais vertebrados e invertebrados, características e clasificación.</p>			
<b>UN PLANETA CHEO DE VIDA</b>	<p>B3.6. As relacións entre os seres vivos. Cadeas alimentarias. Poboacións, comunidades e ecosistemas. Características e compoñentes dun ecosistema.</p> <p>B3.7. Ecosistemas: pradería, poza, lagoa, bosque, litoral e cidade e os seres vivos. A biosfera, diferentes hábitats dos seres vivos.</p> <p>B3.8 Hábitos de respecto e coidado cara aos seres vivos.</p> <p>B3.9. Uso de medios tecnolóxicos para o estudo dos seres vivos.</p> <p>B3.10. Interese pola observación e polo estudo rigoroso de todos os seres vivos.</p> <p>B3.11. Uso da lupa para a observación científica.</p>			

## 2ª AVALIACIÓN

UD TEMA PROXECTO	CONTIDOS	Material de referencia	Temporalización	
			Mes	Número de sesións
	BLOQUE *1 e 2		9 ao 12	
<b>NUTRÍMONOS</b>	<p>B2.1. O corpo humano e o seu funcionamento.</p> <p>B2.2. Anatomía e fisioloxía.</p> <p>B2.3. Células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas.</p> <p>B2.4. Diferentes tipos de células. Os virus e as bacterias.</p> <p>B2.5. As funcións vitais no ser humano.</p> <p>B2.6. Función de relación (órganos dos sentidos, sistema nervioso e aparello locomotor).</p> <p>B2.7. Función de nutrición (aparellos respiratorio, dixestivo, circulatorio e excretor).</p>	<b>NETEX</b>	Aproximadamente 4-5 semanas para cada unidade traballada (8-10 sesións).	
<b>A NOSA SAÚDE</b>	<p>B2.8. Función de reprodución (aparello reprodutor).</p> <p>B2.9. Saúde e enfermidade.</p> <p>B2.10. Principais enfermidades que afectan aos aparellos e sistemas do organismo humano.</p> <p>B2.11. Hábitos saudables para previr enfermidades.</p> <p>B2.12. Trastornos alimenticios.</p> <p>B2.13. Efectos nocivos do consumo de alcohol e drogas.</p> <p>B2.14. Tipos de dietas.</p> <p>B2.15. Análise de etiquetas de produtos.</p> <p>B2.16. Avances da ciencia que melloran a saúde e a vida.</p> <p>B2.17. Coñecemento de actuacións básicas de primeiros auxilios.</p>			

### 3ª AVALIACIÓN

UD TEMA PROXECTO	CONTIDOS (B1.1)	CONTIDO	Material de referencia	Temporalización	
				Mes	Número de sesións
		BLOQUE * 1, 4 e 5			4 ao 6
<b>MATERIA E ENERXÍA</b>	<p>B4.1. Concepto de enerxía. Diferentes formas de enerxía. A luz como fonte de enerxía.</p> <p>B4.2. Electricidade: a corrente eléctrica. Circuitos eléctricos. Magnetismo: o magnetismo terrestre. O imán: o compás.</p> <p>B4.3. Os cambios de estado. As reaccións químicas: a combustión, a oxidación e a fermentación.</p> <p>B4.4. Fontes de enerxía e materias primas: a súa orixe. Enerxías renovables e non renovables.</p> <p>B4.5. Fontes de enerxías renovables e non renovables. O desenvolvemento enerxético, sostible e equitativo.</p> <p>B4.6. Utilidade dalgúns avances, produtos e materiais para a sociedade.</p> <p>B4.7. Planificación e realización de experiencias diversas para estudar as propiedades de materiais de uso común e o seu comportamento diante da luz, o son, a calor, a humidade e a electricidade.</p> <p>B.4.8. Predición de cambios no movemento ou na forma dos corpos por efecto das forzas.</p> <p>B4.9. Observación dalgúns fenómenos de natureza eléctrica e os seus efectos (luz e calor).</p> <p>B4.11. Separación de compoñentes dunha mestura mediante destilación, filtración, evaporación ou disolución.</p> <p>B4.12. Reaccións químicas: a combustión, a oxidación e a fermentación</p>		NETEX	Aproximadamente 4-5 semanas para cada unidade traballada (8-10 sesións).	



<b>ELECTRICIDADE E MÁQUINAS</b>	<p>B4.10. Atracción e repulsión de cargas eléctricas. B4.13. Normas de prevención de riscos</p> <p>B5.1. Máquinas e aparellos. Tipos de máquinas na vida cotiá e a súa utilidade.</p> <p>B5.2. Análise de operadores e emprego na construción dun aparello.</p> <p>B5.3. Construción de estruturas sinxelas que cumpran unha función ou condición para resolver un problema a partir de pezas moduladas.</p> <p>B5.4. A electricidade no desenvolvemento das máquinas.</p> <p>B5.5. Elementos dos circuitos eléctricos.</p> <p>B5.6. Efectos da electricidade.</p> <p>B5.7. Condutores e illantes.</p> <p>B5.8. A relación entre electricidade e magnetismo.</p> <p>B5.9. A ciencia: presente e futuro da sociedade.</p> <p>B5.10. Beneficios e riscos das tecnoloxías e produtos. B5.11. Importantes descubrimentos e inventos.</p>	<b>NETEX</b>	<p>Aproximadamente 4-5 semanas para cada unidade traballada (8-10 sesións).</p>
---------------------------------	--	--------------	---

## 4. METODOLOXÍA:

### 4.1 METODOLOXÍA PRESENCIAL:

- **Aspectos xerais:**

Este curso 2020/2021 continúaase no nivel de sexto co **proxecto E-DIXGAL**. Aínda que o noso alumnado xa traballou con este proxecto o curso anterior, e non é un aspecto completamente novidoso, a adquisición de destrezas neste ámbito quedou incompleta co confinamento do curso pasado, polo que ao comezo de ste curso destínase certo tempo a explicar ou lembrar determinados aspectos que poden ser útiles tanto nun ensino presencial como a distancia: entrega de tarefas, conversión de arquivos, manexo de LibreOffice, etc.

As titoras, partindo dos recursos que ofrece a plataforma para cada unha das materias (editoriais NETEX, NETEX SMARTCLASSROOM, EDEBÉ, DIXIT e AULA PLANETA), escolleremos en cada unidade aqueles contidos que máis se axusten para acadar os estándares en cada área, así coma outros recursos dispoñibles no repertorio Abalar ou na rede, ou recursos de creación propia. De todos modos, partimos dunha primeira selección (véxase o apartado contidos deste documento), pero incorporamos en cada unidade información e actividades de diversas fontes.

- **Estratexias metodolóxicas**

Cada alumno levará todos os días o equipo para realizar tarefas extraescolares e estudar na súa casa e traerá todos os días o equipo cargado para poder seguir as clases no centro. As familias responsabilizaranse do correcto uso dos equipos e a súa custodia tal como queda recollido no marco deste proxecto.

Porén, sen esquecer que o noso alumnado está aínda na etapa da Educación primaria e ten que desenvolver destrezas básicas para as aprendizaxes presentes e futuras, e tomando como punto de partida as indicacións recollidas no marco lexislativo vixente (*vid.* Introducción), a programación docente desenvolverase a través dunha metodoloxía activa e participativa, na que o alumno ocupa un lugar central no proceso de ensino-aprendizaxe.

Procurarase fomentar unha aprendizaxe baseada na **manipulación, a aprendizaxe cooperativa, a teoría das intelixencias múltiples e aprender a pensar**.

- **Aprendizaxe partindo da manipulación:** utiliza a manipulación de distintos materiais para chegar á abstracción dun contido desde o concreto.
- **Aprendizaxe cooperativa:** propón un conxunto de actividades que propicien a interacción da persoa-colectivo co medio, cos seus pais ou co docente.
- **Teoría das intelixencias múltiples:** busca adquirir destrezas vinculadas ao desenvolvemento natural e real das situacións cotiás para conseguir capacidades que lle proporcionan ao individuo flexibilidade e creatividade á hora de se enfrontar a novos retos.
- **Aprender a pensar:** mostra numerosas formas de lograr a mellora do proceso de “pensar”. O obxectivo final é a aprendizaxe real, a profunda e significativa, a transferible a outras facetas da vida cotiá. Isto é posible co bo manexo do pensamento analítico, crítico e creativo.

Ademais das anteriores estratexias metodolóxicas, potenciarase no alumnado a mecanización das ferramentas básicas nas diferentes áreas, a través de diferentes exercicios adaptados ás necesidades de cada alumno, a través de fichas ou de propostas das titoras no propio caderno do alumno.

- **Exemplo de secuenciación de traballo na aula**

O modelo de actividades que se propoñen nesta programación a través das unidades didácticas son variadas para dar resposta aos distintos estilos de aprendizaxe do alumnado e facilitarlle a adquisición dos diferentes tipos de contidos. Son motivadoras para espertar o interese e manter a atención. Desenvolveranse actividades de diferente tipoloxía: ➡ de iniciación - motivación, ➡ de explicitación de coñecementos previos (sérvenos de avaliación inicial), ➡ de reestruturación de ideas, ➡ de automatización das aprendizaxes, ➡ de desenvolvemento ou aplicación de novas ideas, ➡ de revisión ou repaso, ➡ de reforzo ou recuperación, ➡ de ampliación e de avaliación.

- **Outras decisións metodolóxicas:**

Ao ser propia da etapa de Educación Primaria o ensino cíclico e en espiral, no que unhas aprendizaxes se van sustentando noutras, integraremos nos estándares de 6º aqueles de 5º que quedaron sen traballar/acadar, integrándoos dentro dos primeiros.

- **Agrupamentos:**

Para desenvolver estas técnicas de aprendizaxe, será necesario agrupar aos alumnos en función do momento e da necesidade, e poderanse dispoñer de distintos modos, sempre tendo en conta as recomendacións sanitarias:

- Gran grupo

- Pequenos grupos: "equipos" (esta será a disposición do alumnado predominante durante todo o curso coa finalidade de desenvolver o traballo cooperativo).

- Parellas

- Individualmente

- **Tempos:**

A área de Ciencias naturais conta con 2 sesións no horario semanal, repartidas ao longo da semana.

- **Espazos:**

As clases de Ciencias naturais terán lugar fundamentalmente na aula, se ben estarán abertas á súa realización nalgunha outra zona do colexio, horta, laboratorio, ou nalgunha saída, de xeito puntual.

## **4.2 METODOLOXÍA NON PRESENCIAL:**

- **Plataforma de ensino:**

Ao estar inmersos neste proxecto, empregaremos co alumnado de 6º a plataforma EVA- Edixgal.

- **Plataforma/medio de comunicación co alumnado de videoconferencia:**

Para as videoconferencias , empregaremos a plataforma CiscoWebex.

- **Plataforma/medio de comunicación coas familias:**

Para a comunicación coas familias empregaremos a plataforma CiscoWebex, a aplicación Abalar Móbil, o noso correo corporativo e, de ser o caso, algunha chamada telefónica..

- **Aspectos xerais da metodoloxía a empregar en alumnado con conectividade:**

O alumnado con conectividade accederá á plataforma EVA-Edixgal, na que se irán subindo os contidos, as explicacións e as tarefas ou recursos educativos necesarios en cada momento.

Os exercicios ou tarefas faranse de xeito online, podendo corrixilos a mestra telematicamente, ou ben enviando arquivos a través da modalidade “tarefa”.

- **Aspectos xerais da metodoloxía a empregar en alumnado sen conectividade:**

O alumnado sen conectividade accederá á plataforma EVA-Edixgal na súa versión Offline, a través da cal xa descargou previamente na aula varios temas e arquivos PDF por se nos sorprendía un confinamento.

Os exercicios faranse de xeito offline, a través da modalidade de exercicios autocorrixibles. De ser preciso, faránselle chegar ao alumno/a outros materiais (fotocopias, un pendrive con máis temas descargados...).

## 5. AVALIACIÓN:

### 5.1 AVALIACIÓN INICIAL:

#### **Data prevista de realización:**

Despois dos datos obtidos do plan de reforzo decídese facer unha avaliación inicial baseada na chuvia de ideas e contidos do ano anterior dado a situación vivida. O bloque de ciencias terá contidos aleatorios do curso anterior aparellos, sistemas, coñecementos xerais do entorno e ser humano.

Ao longo da primeira semana de clase, realizase unha sondaxe destes contidos traballados o curso pasado.

#### **Tipo de proba (descricaoión):**

Proba oral, escrita e chuvia de ideas onde os rapaces lembran os contidos do curso pasado.

#### **Mecanismo para informar ás familias dos resultados:**

Por correo electrónico, Abalar móbil e telefonicamente.

### 5.2 AVALIACIÓN CONTINUA:

#### **Periodicidade coa que se farán probas escritas (cada cantos temas, cantas por trimestre ou avaliación, etc.)**

Nesta área as probas escritas realizaranse habitualmente ao remate de cada tema. Isto non significa que

sempre se avalíe o tema mediante unha proba escrita, pois pode complementarse cos traballos e a observación diaria, ou ben avaliarse soamente a través destes medios.

### **Como se cualifican as probas, os traballos individuais ou colectivos, o traballo no caderno de clase, a observación do traballo na aula (ponderación, redondeo...)**

Segundo os estándares traballados nas diferentes probas o peso da mesma poderá variar dun trimestre a outro.

### **Aspectos que se van valorar dentro da observación do traballo na aula e instrumentos para a recollida desta información**

A avaliación levarase a cabo empregando instrumentos como listas de control, rúbricas, observación directa, portfolios... tendo como guía a adquisición dos estándares de aprendizaxe recollidos nesta programación.

### **Como se calcula a cualificación de cada unha das avaliacións (ponderación, redondeo...)**

Farase unha media numérica coa totalidade de probas realizadas (probas escritas, orais, traballos, actitude) sendo un 5 a nota mínima de consecución dos estándares.

## **6. CRITERIOS DE PROMOCIÓN DO ALUMNADO:**

Segundo a normativa vixente, o centro aprobou en claustro os seguintes criterios de promoción do alumnado:

- ORDE do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 105/2014 do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Capítulo II
- **CRITERIO NUMÉRICO:**
  - Con 1 materia non superada: Promociona
  - A partir de 2 materias non superadas: Aplicar criterios de promoción pedagóxico.
- **CRITERIOS PEDAGÓXICOS:**
  - 1-Nada de acordo
  - 2- Pouco
  - 3-Bastante
  - 4- Moi de acordo

<b><u>CRITERIO</u></b>	Non promociona		Promociona	
	4	3	2	1
1. Esgotáronse todas as medidas ordinarias de atención á diversidade?*				
1. O grao de madurez do alumno/a favorece a non promoción?*				
2. A proposta de non promoción (metodoloxía, aula, recursos, alumnado do seu novo grupo de referencia...) vai favorecer que supere os estándares?n				
3. Os estándares que non supera corresponden principalmente ás competencias en comunicación lingüística e/ou matemática?				
	Promociona		Non promociona	
	4	3	2	1
4. Inciden causa emocionais no seu baixo rendimento?				
5. Está integrado no seu grupo?				
6. Os estándares que non supera están no seguinte nivel?				

Adecuación da estrutura organizativa da aula.

Traballo co profesorado especialista do departamento de orientación.

Adaptación de tempos, instrumentos e/ou procedementos de avaliación.

Adaptación metodolóxica (traballo cooperativo, presentación de contidos, tipo-cantidade de exercicios)

Programa de reforzó.

Programa de recuperación.

Programa de habilidades sociais.

*Artigo 6. Promoción de curso e de etapa .*

*1. Ao finalizar cada un dos cursos, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de forma colexiada, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor.*

*2. O alumno ou a alumna accederá ao curso ou á etapa seguintesempre que se considere que logrou a progresión adecuada nos obxectivos da etapa e que alcanzou o adecuado grao de adquisición das competencias correspondentes. Os informes das avaliacións individualizadas de terceiro curso de educación primaria e de final de educación primaria teranse en conta, se*

*é o caso, segundo o seu carácter informativo e orientador, de acordo establecido no artigo 12.8 do Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.*

- 3. Cando un alumno ou unha alumna non promocióne deberá permanecer un ano máis no mesmo curso. Esta medida poderá adoptarse unhasoas vez durante a etapa, oídos os pais, as nais ou as persoas que exerzan a tutoría legal, e deberá ir acompañada dun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio*
- 4. A repetición considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado.*
- 5. O alumnado que promocióne de curso con algunha área con cualificación negativa deberá seguir un plan específico de recuperación.*

- **PROPOSTA MENCIÓN HONORÍFICA:**

Otorgación de mención honorífica ao alumnado que teña de media en primaria 9.00 ou máis.





## 7. SECUENCIACIÓN:

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE <b>CIENCIAS DA NATUREZA 6º</b>  (PERFIL DE ÁREA)	TEMPORALIZACIÓN			INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	Peso (porcentaxe)	COMPETENCIAS CLAVE
	1ª	2ª	3ª				
<b>BLOQUE 1. INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA: 15%</b>							
CNB1.1.1. Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, analiza, obtén conclusións, elabora informes para o rexistro de plan de traballo e comunica, de forma oral e escrita, as conclusións.	X	X	X	Ao longo do curso, dependendo dos contidos, do tempo e do interese do alumnado por un tema concreto, combinaranse os seguintes instrumentos de avaliación:	Sintetiza nun resumo, esquema ou mapa conceptual, a información máis relevante.	3%	CCL CSIEE CAA CD CMCCT
CNB1.1.2. Expresa oralmente e por escrito, de forma clara e ordenada contidos relacionados coa área manifestando a comprensión de textos orais e/ou escritos.	X	X	X	Caderno de clase Diario de clase Rexistro anecdótico Resolución de exercicios	Expón de xeito claro os contidos dun tema ou apartado.	3%	CCL CMCCT
CNB1.1.3. Emprega de forma autónoma o tratamento de textos (axuste de páxina, inserción de ilustracións ou notas etc).	X	X	X	Investigacións Posta en común	Manexa con certa soltura o procesador de textos.	0,6%	CCL CSIEE CMCT CD
CNB1.1.4. Manexa estratexias axeitadas para acceder á información dos textos de carácter científico.	X	X	X	Asamblea Probas específicas	Domina estratexias básicas para acceder á información máis relevante.	0,6%	CMCCT CAA CCL

CNB1.2.1. Manifiesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións, identificando os criterios e as consecuencias das decisións tomadas.	X	X	X		Traballa de forma autónoma e planifica as tarefas encomendadas.	0,6%	CSIEE CAA CMCCT
CNB1.3.1. Utiliza estratexias para estudar e traballar de forma eficaz, individualmente e en equipo, amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.	X	X	X		Domina e aplica as técnicas de estudo máis frecuentes no traballo individual e en equipo.	3%	CAA CSC CMCCT CSIEE
CNB1.3.2. Coñece e emprega as normas de uso e de seguridade dos instrumentos, dos materiais de traballo e das tecnoloxías da información e comunicación.	X	X	X		Utiliza os materiais e as tecnoloxías conforme as normas de aula e de centro.	0,6%	CMCCT CSC CD CAA
CNB1.4.1. Realiza proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións formulando problemas, enunciando hipóteses, seleccionando o material necesario, realizando, extraendo conclusións e comunicando os resultados.	X	X	X		Coñece e diseña as fases necesarias para abordar un traballo de investigación, expoñendo as conclusións da investigación..	0,6%	CMCCT CCL CAA CSIEE
CNB1.4.2. Presenta un informe, de forma oral ou escrita, empregando soportes variados, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, internet) cando traballa de forma individual ou en equipo na realización de proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións.	X	X	X		Redacta un informe con coherencia en diferentes soportes.	3%	CCL CMCCT CSC CD CAA CSIEE
<b>BLOQUE 2. O SER HUMANO E A SAÚDE: 30%</b>							
CNB2.1.1. Identifica e localiza os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do ser humano.	X				Identifica os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do ser humano.	5%	CMCCT

CNB2.2.1. Identifica e describe as principais características dos aparellos respiratorio, dixestivo, locomotor, circulatorio e excretor e explica as principais funcións.	X			<p>Ao longo do curso, dependendo dos contidos, do tempo e do interese do alumnado por un tema concreto, combinaranse os seguintes instrumentos de avaliación:</p> <p>Caderno de clase</p> <p>Diario de clase</p> <p>Registro anecdótico</p> <p>Resolución de exercicios</p> <p>Investigacións</p> <p>Posta en común</p> <p>Asamblea</p> <p>Probas específicas</p>	Identifica e describe as principais características dos aparellos respiratorio, dixestivo, locomotor, circulatorio e excretor e explica as principais funcións.	4%	CMCCT CCL
CNB2.3.1. Recoñece estilos de vida saudables e os seus efectos sobre o coidado e mantemento do funcionamento global do corpo.	X				Cita as medidas básicas de coidado do corpo na prevención de enfermidades.	5%	CMCCT CCL CSC
CNB2.3.2. Coñece e explica os principios das dietas equilibradas, identificando as prácticas saudables para previr e detectar os riscos para a saúde.	X				Coñece e explica a distribución da pirámide alimentaria para describir unha dieta equilibrada.	4%	CMCCT CCL CAA CSC
CNB2.3.3. Recoñece os efectos nocivos do consumo de alcohol e drogas	X				Cita os efectos que o alcohol e as drogas provoca no corpo.	4%	CMCCT CAA CSC
CNB2.3.4. Observa, identifica e describe algúns avances da ciencia que melloran a saúde (medicina, produción e conservación de alimentos, potabilización da auga etc.).	X				Explica que avances na ciencia están encamiñados a mellorar a saúde, tanto no coidado do corpo como na alimentación.	4%	CMCCT CCL CSC
CNB2.3.5. Coñece técnicas de primeiros auxilios, en situacións simuladas e reais.	X				Explica como se debe proceder nun caso de accidente.	4%	CMCCT CSC
<b>BLOQUE 3. OS SERES VIVOS: 30%</b>							
CNB3.1.1. Identifica e describe a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas nomeando as principais características e funcións de cada un deles.		X			Identifica e describe os niveis de organización dos seres vivos.	6%	CCL CMCCT

